

Acta de Constitución da Marea Sectorial de Política Social

En Santiago de Compostela, no local de En Marea (rúa Santiago de Guayaquil 7), ás 18.00 horas do día 8 de xuño de 2018, ten lugar a xuntanza para a constitución da Marea Sectorial de Política Social, segundo os documentos que determinan a estrutura sectorial de En Marea.

Asistentes:

Elena Cores, Ana Seijas, Cristina Pérez, Marisé Fernández, Isabel Cribeiro, Itxaso Méndez, Severino Manuel Muñiz, Raquel Malvárez, Paula Verao, Duarte Crestar e Concha Fernández.

Acórdase:

Constituír formalmente a Marea Sectorial de Política Social partindo do grupo sectorial que funciona dende o ano 2016, do cal todas as persoas decidiron inscribirse na nova Marea Sectorial.

Crear un espazo online onde ter documentos para acceso do grupo (google drive).

A Coordinadora de En Marea contactará co grupo de traballo de Renda Básica Universal para crear un Grupo Sectorial de Traballo de RBU.

Imprimirase a todo o traballo e iniciativas unha mirada feminista.

REPASO DE TEMAS TRABALLADOS E NOVOS OBXECTIVOS PENDENTES (acordo sobre liñas de traballo 2018/2019):

XORNADA DE FORMACIÓN MUNICIPALISTA SOBRE POLÍTICAS SOCIAIS

No horizonte de outubro de 2018 organizarase unha xornada técnica e política sobre como poder aplicar políticas sociais nos concellos (en todos os eidos, dende vivenda a servizos sociais e cláusulas sociais na contratación), coa posta en común de iniciativas exitosas (cláusulas sociais, renda social municipal, etc).

Desta xornada sairán unhas liñas básicas para o programa municipal.

Tratar a cuestión das mesas de coordinación intersectorial e dos Consellos Sociais municipais.

IMPLOSIÓN DEMOGRÁFICA

Creouse un pequeno grupo de traballo sobre a implosión demográfica, integrado polas persoas de En Marea que participan no Observatorio Demográfico convocado pola Xunta. Constatada a vontade propagandística da Xunta e a falta de aposta por medidas reais, fixemos rolda de prensa específica para o 4 de xuño e presentaremos unha interpelación no Parlamento (finais de xuño ou mediados de xullo) inquirindo á Xunta especificamente por medidas transversais relativas a loitar contra o despoboamento e a

implosión territorial. Decidimos participar no Observatorio pero presentar a nosa propia alternativa crítica e denunciar a vontade de propaganda da Xunta.

REDE PÚBLICA DE ESCOLAS INFANTÍS 0-3 ANOS

Presentarase PL sobre a integración das escolas infantís na Consellería de Educación. Ao falar de conciliación, farase fincapé non só nas escolas infantís, senón tamén na reformulación de horarios, modificacións fiscais, permisos de maternidade e paternidade, etc.

RENDA SOCIAL GALEGA

- Enviaanse as conclusións das xornadas celebradas no 2018 a todas as persoas inscritas.
- Durante o mes de xuño, elaborárase a Proposta de Lei de Renda Social.
- Unha vez tido o documento, presentárase aos colectivos que coordina o Foro de Inmigración a favor dunha superación da RISGA.
- Farase tamén unha interpelación sobre a situación de miseria na que continúa a RISGA, aínda que se efective o Decreto.
- Pódese formular unha PNL para pedir que a Xunta calcule como se podería aplicar a RBU en Galiza.

EXTENSIÓN DUNHA REDE DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS UNIFORME NO TERRITORIO – COMARCALIZACIÓN

- Revisar normativa da Xunta sobre servizos que deben garantir todos os concellos.
- Comprobación das diferenzas salariais das e dos profesionais dos Servizos Sociais.
- Ver mínimos a nivel programas e salarios.
- Impulsar programas de Educación Familiar.

PROBLEMÁTICA DAS PERSOAS MAIORES QUE VIVEN E MORREN SOAS

- Presentarase novas iniciativas, incidindo na necesidade de protocolos, pero tamén de mellora da coordinación interadministrativa.
- Incidir na mellora da coordinación sociosanitaria.

NECESARIO AUMENTO DOS FONDOS PARA A LEI DE AUTONOMÍA PERSOAL

TEMA PRIVATIZACIÓNS

Centro de menores de Montealegre, Ourense.

SITUACIÓN DAS RESIDENCIAS DA TERCEIRA IDADE E CRÍTICA AO MODELO PRIVATIZADO

Situación da residencia de maiores de Campolongo, Pontevedra.

TARDANZA VALORACIÓNS GRAO DISCAPACIDADE

Incidir na posible eliminación de facto da valoración social nas solicitudes.

CENTRO PÚBLICO DE ATENCIÓN AO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

CONSELLOS DE PARTICIPACIÓN INFANTIL

SEGUIMENTOS POSTADOPCIÓN

Non hai seguimento efectivo psicolóxico no proceso post-adopción.

A Xunta non garante a realización dos seguimentos post-adopción a través da Consellería de Política Social.

Xa foron presentadas iniciativas parlamentarias, pero seguirase traballando a cuestión.

ACCESIBILIDADE UNIVERSAL

ASISTENTE PERSOAL PARA VIDA INDEPENDENTE

AUMENTO TERAPIAS E RECURSOS ATENCIÓN TEMPERÁ, AUTISMO

CONCILIACIÓN – IGUALDADE SALARIAL

PENSIÓNS

Solicitar xuntanza con Modepen.

CAMPAMENTOS DE VERÁN

Precarización do emprego, por debaixo do convenio colectivo.

EXCLUSIÓN SANITARIA MIGRANTES EOXI LUGO

POBREZA INFANTIL

Revisar a aposta pola apertura dos comedores escolares no verán, na medida en que é unha medida estigmatizante; abordar a cuestión das familias con poucos recursos e problemas de risco de malnutrición infantil de xeito multidisciplinar e medidas amplas.

DEPENDENCIA

- Esixir fondos e desenvolvemento da Lei de Autonomía Persoal.
- Ver modelo de teleasistencia da Comunidade de Madrid.

TEMAS POR TRABALLAR:

- XORNADA EN XULLO CON COLECTIVOS DO CERMI (6 de xullo no Parlamento)
- PLAN INTEGRAL PERSOAS SEN TEITO

Modelo Housing First.

- XORNADA DE TRABALLO E FORMACIÓN SOBRE POLÍTICAS SOCIAIS E MUNICIPALISMO
- REFORZO MEDIOS IMELGA
- OBESIDADE INFANTIL

Desenvolver o que se pode traballar a nivel de educación de saúde a través dos comedores escolares.

- ABUSO SEXUAL NA INFANCIA
- PRISIÓNS
- TEMA VIVENDA (é de Comisión 2ª)
 - Aumento do traballo coordinado entre políticas sociais e vivenda como elemento central da integración social.
 - Idea de banco municipal de aluguer social, vivendas de tránsito, desafección de vivendas de propiedade estatal, tipo cuarteis, etc.

Sen máis asuntos que tratar, remata a xuntanza coa constitución da Marea Sectorial de Política Social.